



Ruta de Montaña. Monte Oribio dende Lóuzara.

Lonxitude: 17km.

Desnivel: forte

Dificultade: media-alta










Comezamos a nosa programación de rutas de montaña visitando o monte Oribio.

Estas actividades de montaña están pensadas para xente que fai sendeirismo habitualmente.

O Oribio, situado entre os concellos de Samos e Triacastela, é unha montaña que supera os 1400 metros de altitude. Isto e maila súa situación xeográfica o converten nun estupendo miradoiro natural. Son abondosos os seus valores naturais tamén, polo que toda a serra pertence á Rede natura 2000. A ruta comeza en San Cristovo de Lóuzara, na cara sur do monte e ao pouco entramos nun fermoso bosque. Logo temos que cruzar o rego das Ponticelas e seguir a media ladeira ata chegar a un cortalumes polo que baixaremos ata preto de Gundríz e Piñeiro. Aquí comeza a subida propiamente dita, primeiro por un souto, logo por unha pista e máis adiante por un cortalumes que nos leva practicamente ata o cumio. As vistas dende alí son impresionantes e a perspectiva que hai da súa cara norte e abraiante. Pódese ver dende o cumio incluso a cidade de Lugo, Sarria, así como as serras de O Caurel e Os Ancares. Para baixar temos que percorrer gran parte do cordal da serra ata o pico do Polvoreiro. A baixada nos leva pola Golada da Braña ata as cercanías de Outonín. Ahí, logo de percorrer algo menos de un quilómetro por asfalto, chegamos novamente a San Cristovo.

A ruta conta cun alto interese natural e paisaxístico. Os camiños en xeral son bos, aínda que pode haber algo de lama e algún tramo polo cortalumes non é moi cómodo.

A dificultade ven dada principalmente polo desnivel e a pendente

MIDE		Monte Oribio dende Lóuzara	
horario	6h 10' 	 3	severidad del medio natural
desnivel de subida	940 m 	 3	orientacion en el itinerario
desnivel de bajada	940 m 	 2	dificultad en el desplazamiento
distancia horizontal	16,9 Km 	 4	cantidad de esfuerzo necesario
tipo de recorrido	Circular 		

Condiciones de tres estaciones, tiempos estimados según criterio MIDE, sin paradas.
Calculado sobre datos de 2018.

Próximas actividades de Montaña

Domingo, 14 de abril. O Faro. O Caurel

Domingo, 5 de maio. Penarrubia. Ancares

Domingo, 9 de xuño. O Pindo. Carnota

Teléfono: 981 213115

Correo: artabros@artabros.org